



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Técnicas de recollida e análise da información	Código	652G03026	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es luisa.losada@udc.es	
Web	<a href="https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162">https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162</a>			
Descrición xeral	<p>A realidade socio-educativa do/da educador/a social é complexa, diversa e difícil de analizar, describir e interpretar. Por iso, é necesario que ao longo da súa formación académica, adquira unha serie de competencias que lle permitan desenvolver a súa posterior actividade profesional.</p> <p>Por tal circunstancia, a aprendizaxe e aplicación de diversas metodoloxías de investigación, que se desenvolven nesta materia, permitirá nun futuro ao/a educador/a social seleccionar a máis adecuada para solucionar os problemas que se atopará no seu próximo ámbito laboral, sen esquecer que este/a axente, dentro do seu ámbito laboral terá que investigar para poder achar posibles solucións que melloren o contexto no que se desenvolva a súa actividade laboral.</p> <p>A diversidade de concepcións epistemolóxicas aplicables ás distintas situacións sociais será fonte de información para o/a investigador/a social, permitiéndolle determinar cal é a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfrenta. Non se pretende establecer unha prelación ou unha orde de importancia entre os variados modos de investigación, senón que é o problema de investigación o que determinará a elección dunha metodoloxía ou outra, facendo dela a máis válida para este tipo de problema. Todo isto non ten sentido se non nos preguntamos e respondemos á pregunta: que queremos conseguir?.</p> <p>Son moitos os instrumentos que podemos utilizar para obter datos e, por iso, é necesario ter coñecemento do amplo abano de posibilidades. Un/ha bo/boa profesional será aquel/a que saiba optar, en cada circunstancia, polas técnicas e instrumentos que mellor se adapten á situación. É necesario afondar no coñecemento e no dominio das distintas ferramentas que temos á nosa disposición. Así, nesta materia iranse analizando as principais técnicas e instrumentos que poden ser aplicadas ao ámbito socioeducativo, indicando as súas características fundamentais, as vantaxes e inconvenientes que presentan e as circunstancias ou momentos máis adecuados para poñelas en práctica.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.



B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as principais técnicas de recollida da información nos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A6 A7 A8 A11 A13 A14 A21	B1 B4	C1 C4 C6
Deseñar instrumentos de recollida de información de procesos de intervención socioeducativo aplicando diferentes técnicas.	A5 A6 A13 A21	B1 B2	C1 C4 C6
Planificar recollidas e análises da información de procesos de intervención socioeducativos.	A5 A6 A13 A19 A21	B1 B2	C6 C8
Realizar a recollida da información pertinente dun proceso de intervención socioeducativo		B1 B2 B5 B6	C1 C6
Coñecer as principais técnicas de análise da información nos procesos de intervención socioeducativos	A6 A13	B1	C3 C6 C8
Analizar a información recollida nos procesos de intervención socioeducativos, empregando as técnicas de análise adecuadas.	A5 A6 A13 A19	B1 B2	C3

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema I. INTRODUCCIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Determinación conceptual</li> <li>2. Selección da mostra             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1. Selección da mostra no enfoque cuantitativo</li> <li>2.2. Selección da mostra no enfoque cualitativo</li> </ol> </li> </ol>
Tema II. TÉCNICAS DE RECOLLIDA DA INFORMACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Instrumentos de recollida da información cuantitativos             <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. Escalas</li> <li>1.2. Cuestionario</li> </ol> </li> <li>2. Instrumentos de recollida da información cualitativos             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1. Observación</li> <li>2.2. Entrevistas (por exemplo: Historias de Vida)</li> <li>2.3. Grupos de discusión</li> </ol> </li> </ol>
Tema III. TÉCNICAS DE ANÁLISE DA INFORMACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Análise cualitativo (mapas conceptuais, fiabilidade e validez)</li> <li>2. Análise cuantitativo             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1. Fiabilidade e Validez</li> <li>2.2. Análise de datos categóricos ou nominales.</li> <li>2.3. Análise de datos ordinais</li> <li>2.4. Análise de datos métricos</li> </ol> </li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A7 A14 B1 C4 C6 C8	10	10	20
Prácticas a través de TIC	A6 C3	9.5	9.5	19
Estudo de casos	A6 A13 A21 C1	8.5	29.75	38.25
Solución de problemas	A19 B2 C1	2.5	8.75	11.25
Análise de fontes documentais	B1	0	9	9
Aprendizaxe colaborativa	A6 A8 A11 A13 A19 A21 B1 B2 B4 C1 C3	9.5	19	28.5
Proba mixta	A5 A6 A13 A19 A21 B1 B2 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	2	12	14
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Clase impartidas polas profesoras, nas clases expositivas, sobre os contidos xa citados no apartado de "contidos" desta guía docente. Esta metodoloxía utiliza exclusivamente a palabra e a vista como vía de transmisión da información a todo o grupo. Nalgúns casos, poderase complementar a información con exemplos prácticos e/ou recursos audiovisuais.</p> <p>Neste materia, o alumnado terá as referencias bibliográficas para consultar ou, tamén, para completar ou seguir a exposición das docentes.</p>
Prácticas a través de TIC	A metodoloxía empregada é a Análise da información informatizada. E dicir, emprego de programas informáticos tanto cuantitativos como cualitativos tanto para o deseño do instrumento como recollida e análise da información. O desenvolvemento desta actividade de análise será complementario á metodoloxía de solución de problemas.



Estudo de casos	Esta metodoloxía empregarase para a realización das prácticas correspondentes aos temas 1 e 2 dos contidos da materia. Presentarase ao alumnado un caso práctico por grupo e deberán aplicar os coñecementos teóricos adquiridos nas sesións expositivas á resolución das diferentes partes dun caso. O alumnado disporá das clases interactivas para realizar as actividades encomendadas e terá que incorporalas todas xuntas nun documento único que denominará ?Técnicas de Recollida da Información?, e que será entregado na data estipulada polas docentes.
Solución de problemas	Esta metodoloxía utilízase unicamente para o tema 3 dos contidos da materia. O alumnado disporá das clases interactivas e o traballo autónomo para realizar as actividades encomendadas e terá que incorporalas todas xuntas nun documento único, que denominará ?Análise da Información? que será entregado na data estipulada polas docentes.
Análise de fontes documentais	Metodoloxía que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (artigos, textos educativos, bases de datos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise destes. Esta metodoloxía pódese empregar: como introdución a un tema, como instrumento de aplicación, para explicar procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Esta metodoloxía combínase con outras metodoloxías como análise de fontes documentais, estudo de casos, solución de problemas, prácticas a través das TIC etc. Todos estes procedementos serán guiados de FORMA PRESENCIAL e/ou apoiados con tecnoloxías da información e da comunicación. Para a súa realización configúranse grupos pequenos (entre 5-6 persoas. <b>NON SE ADMITEN OUTRAS POSIBILIDADES</b> ), e lévanse a cabo durante todas ás clases interactivas da materia.
Proba mixta	<p>Proba utilizada para a avaliación das aprendizaxes tanto das clases expositivas como interactivas. Conta de dúas partes:</p> <p>a) Parte técnicas: refírese aos contidos teórico (sesións expositivas) abordados polas docentes ao longo dos temas 1 e 2 polas dos contidos da guía docente.</p> <p>b) Parte análise: será unicamente o que o/a profesor/a expón e traballe co alumnado no tema 3 do apartado contido desta materia.</p> <p>As preguntas destas partes poden ser directas ou afirmacións incompletas, mesmo preguntas con varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións. Pero só unha e a máis correcta. <b>NESTA PROBA AS RESPONSTAS INCORRECTAS RESTARÁN ÁS CORRECTAS.</b></p> <p>Dado que existen dúas partes (Técnicas e Análise), será <b>IMPRESINDIBLE</b> para superar a proba mixta acadar, como mínimo, acadar a metade da calificación en cada unha das partes (por exemplo, se cada parte ten un valor de 5 puntos, deberá acadar un mínimo en cada una das partes).</p> <p>A materia supérase cando se supera todas as partes e <b>NUNCA</b> se gardará algunha das partes para outras convocatorias (é dicir, se o/a estudante presencial non supera a proba da 1ª convocatoria, deberá someterse á proba final cun peso do 100% e, polo tanto, non se lle terá en conta a cualificación do dossier de avaliación continua).</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Solución de problemas Prácticas a través de TIC Proba mixta Estudo de casos Sesión maxistral Aprendizaxe colaborativa	<p>Na atención personalizada, as docentes resolverá as dúbidas que teña o alumnado sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais calquera dúbida que poida xurdir para a solución de problemas, na aprendizaxe colaboradora, a análise de fontes documentais no estudo de casos e nas prácticas a través de TIC. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do estudantado, supervisando e orientando mais directamente o proceso a seguir en cada unha das actividades realizadas.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase no despacho do profesorado (P1A15 e P1A19) no horario de titorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho das profesoras, na páxina web do departamento e na Facultade de Ciencias da Educación.</p> <p>A atención personalizada realizarase cara a cara entre o estudantado e as docentes. O estudantado debe solicitar a ATENCIÓN PERSONALIZADA (TUTORIA) vía Campus Virtual, a través da plataforma habilitada a tal efecto e onde debe especificar o seu nome completo. Lembrade que as profesoras son as que marcarán o horario de dita titoría. Se o estudantado non solicita por ese medio a titoría, as profesoras non o atenderán baixo ningunha circunstancia.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A19 B2 C1	<p>Esta tarefa está destinada a un único contido da materia (Tema 3). Coa mesma inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías, como por exemplo, solucións de problemas, prácticas guiadas (fichas guiadas), etc. Pero tendo presente que con ela o/a alumno/a desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto so se levará a cabo cando se explique o tema 3.</p> <p>As docentes presentarán os apuntes deste tema (a través de Campus Virtual); nas clases expositivas explicarán con solucións de problemas ditos apuntes; nas clases interactivas presentarán prácticas guiadas para que o alumno/a as realice. PARA TODO ISTO, O/A ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS.</p> <p>O/a alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único, a modo de dossier, que entregará ás docentes no prazo establecido, baixo o nome de ?Técnicas de análise da información?.</p>	25



Proba mixta	A5 A6 A13 A19 A21 B1 B2 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	<p>O exame da 1ª e 2ª convocatorias (xuño e xullo) é o que fai referencia a avaliación desta metodoloxía e consta de dúas partes:</p> <p>1-Parte TÉCNICAS constará dun número de ítem de resposta aberta, ou de resposta breve ou de verdadeiro e falso pero xustificando (o tipo de preguntas o determinará o profesorado). Esta parte apróbbase cando se alcanza unha puntuación de 5 sobre 10 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí (non se garda nota de ningunha parte, en ningunha convocatoria, se se suspende).</p> <p>2-Parte ANÁLISIS. Esta parte consta de varios problemas estatísticos ou preguntas de respostas breves ou preguntas de verdadeiro e falso (o profesorado será o que decida o tipo de preguntas). Esta parte apróbbase cando se alcanza unha puntuación de 5 sobre 10 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí.</p> <p>En ambas partes (parte Técnicas e parte Análise) as preguntas incorrectamente contestadas restarán. As docentes, antes de finalizar o período lectivo poderán realizar un simulacro de dita proba, no horario de clase da materia. A asistencia a este simulacro non é obrigatoria</p> <p>NOTAS ACLARATORIAS:</p> <p>O exame debe estar aprobado para que se teña en conta a avaliación continua. Para aprobar é imprescindible que se cumpran ambos os dous seguintes requisitos:</p> <p>(a) se acaden 5 puntos ou máis na proba mixta; e</p> <p>(b) que se chegue, como mínimo, á metade do valor que ten cada una das partes (parte técnicas e parte análise).</p> <p>Se se suspende algunha das partes (non se alcanza a puntuación mínima para aprobar) ou ben se non se supera a avaliación continua (dosíseres), o alumnado debe ir á seguinte convocatoria con todo. <b>NON SE GARDAN PARTES DE NINGÚN EXAMEN DUNHA CONVOCATORIA PARA OUTRA OU OUTRAS CONVOCATORIAS.</b></p> <p>A data dos exames das convocatorias están marcados por Xunta de Facultade, por lo tanto, non se moven.</p>	50
-------------	--	---	----



Estudo de casos	A6 A13 A21 C1	<p>Esta tarefa está destinada aos contidos da materia (Tema 1 e 2). Coa mesma inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías como por exemplo, solucións de problemas, prácticas guiadas (fichas guiadas), etc. Pero tendo presente que con ela o alumnado desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión das docentes. Todo isto so se levará a cabo cando se explique o tema 1 e 2.</p> <p>As docentes presentarán ao alumnado os apuntes deste tema (a través de Campus Virtual); nas clases expositivas explicará con casos ditos apuntes; nas clases interactivas o profesorado presentará prácticas guiadas (fichas guiadas) para que o alumnado as realice <b>PARA TODO ESTO O ALUMNADO DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS.</b></p> <p>O alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único, a modo de dossier, que entregará ao docente no prazo establecido, baixo o nome de ?Técnicas de recollida da información?.</p>	25
-----------------	---------------	---	----

Observacións avaliación



Na avaliación da materia (exposta no apartado da guía docente, denominado "Paso 7: Avaliación") terase en conta antes de nada o seguinte:

**a) ESTUDIANTES QUE ASISTAN SEMPRE A CLASE** (ou

alumnado con dispensa académica) (estudantes presenciais) considéranse que asisten un 80%, isto equivale a non ter máis de 3 faltas sen xustificar. Xustifícase as faltas médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se está a traballar) ou calquera outra falta sempre co documentación homologado.

A avaliación destes alumnos ten en conta o seguinte: 1-A proba mixta;2-O

estudo de casos e 3-Solución de problemas.

Todo o alumnado ASISTENTE OU PRESENCIAL debe superar a avaliación continua (dossieres) para poder someterse a proba mixta nas condicións que se explican para este grupo de estudantes. A avaliación continua equivale o 50% da nota final da materia (sendo necesario chegar ao mínimo do 25% para considerar que esta parte se superou). Igualmente, é imprescindible acadar un mínimo de 25% sobre 50% na proba mixta para considerar superada está avaliación (atendendo a necesidade de chegar a un mínimo en cada parte, técnicas e análises, tal como se especificou no apartado correspondente na guía docente)

**b) ESTUDIANTES QUE NON ASISTAN SEMPRE A CLASE**

(estudantes non presenciais) considéranse

que non asisten cando faltan máis dun 80%, é dicir, ten máis de tres faltas sen xustificar, ou ben ten máis de dúas faltas nunha das partes da materia (técnicas de recollida e/ou análise da información). Se xustifica as faltas

médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde

se xustifique que en horas de clase se está a traballar) Tamén pode ser aquel estudantado que así opte dende o inicio da materia (o primeiro día de clase o profesorado presentará esta opción que o

estudiantado pode elixir). Estes/as estudantes se presentarán ás probas da 1ª e 2ª convocatoria. Se recomenda que o estudantado realice os dous traballos da

materia (?Técnicas de recollida da información? e ?Análise da información?) de

forma autónoma, posto que estes serán avaliados na proba final da materia (50%), xunto cos contidos teóricos propios da proba mixta (50%).





<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alvira, F. (2011). La encuesta: una perspectiva general metodológica. CIS (Cuadernos Metodológicos, 35).</li> <li>- Azofra, M.J. (1999). Cuestionarios. CIS (Cuadernos Metodológicos, 26).</li> <li>- Etxeberria, J., &amp; Tejedor, F.J. (2005). Análisis descriptivo de datos en educación. La Muralla.</li> <li>- García, M. (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación.. Alianza.</li> <li>- Grima, P. (2010). La certeza absoluta y otras ficciones. Los secretos de la estadística. RBA Libros.</li> <li>- Martínez Mediano, C., &amp; Galán González, A. (2014). Técnicas e instrumentos de recogida y análisis de datos (2ª ed). UNED.</li> <li>- Rubio, M.J., &amp; Varas, J. (2011). El análisis de la realidad en la intervención social. CCS.</li> <li>- Tejedor, F.J., &amp; Etxeberria, J. (2006). Análisis inferencial de datos en educación. La Muralla.</li> <li>- Valles, M.S. (2002). Entrevistas cualitativas. CIS (Cuadernos Metodológicos, 32).</li> <li>- Visauta, B. (1989). Técnicas de investigación Social. PPU.</li> </ul> <p>&lt;br /&gt;</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ander-EGG, E. y Aguilar, M.J. (2017). Como elaborar un proyecto: guía para diseñar proyectos sociales y culturales (18ª ed.).. Lumen Humanitas</li> <li>- Briones, G. (2003). Métodos y técnicas de investigación para las Ciencias Sociales (4ª ed.). Trillas.</li> <li>- Club de excelencia (2003). Guía práctica para desarrollar, implantar y revisar la Autoevaluación de mi organización. EFQM</li> <li>- Corbetta, P. (2003). Metodología y Técnicas de Investigación Social. McGraw-Hill.</li> <li>- De Ketele, J.M., &amp; Roegiers, X. (1995). Metodología para la recogida de información. La Muralla.</li> <li>- Desler, G. (2001). Administración del personal. Pearson</li> <li>- Escudero Perez, J. (2004). Análisis de la realidad local. Narcea.</li> <li>- Junta de Andalucía (2010). Manual de proyectos.. Consejería de Gobernación</li> <li>- Losada, S. (2016). Metodología de la intervención social. Síntesis.</li> <li>- Pérez, O. (Coord.). (2007). Plan Estratégico del Tercer Sector de Acción Social. Guía de evaluación de programas y proyectos sociales. Plataforma de ONG de Acción social</li> <li>Informes:Ad-ECOS (2015). Como elaborar los indicadores de un proyecto social paso a paso.  <a href="http://www.ad-ecos.com/blog-de-formacioacuten/como-elaborar-los-indicadores-de-un-proyecto-social-paso-a-paso">http://www.ad-ecos.com/blog-de-formacioacuten/como-elaborar-los-indicadores-de-un-proyecto-social-paso-a-paso</a></li> <li>Ministerio de Administración Pública (2006). Guía de autoevaluación para la administración pública. MAP.  <a href="http://www.aeval.es/es/difusion_y_comunicacion/publicaciones/Guias/Guias_Marco_General_Mejora_Calidad/guia_iberoamericana.html">http://www.aeval.es/es/difusion_y_comunicacion/publicaciones/Guias/Guias_Marco_General_Mejora_Calidad/guia_iberoamericana.html</a></li> <li>Ministerio de Administración Pública (2006). Guía de evaluación. Modelo EVAM. MAP.  <a href="http://www.aeval.es/es/difusion_y_comunicacion/publicaciones/Guias/Guias_Marco_General_Mejora_Calidad/evam.html">http://www.aeval.es/es/difusion_y_comunicacion/publicaciones/Guias/Guias_Marco_General_Mejora_Calidad/evam.html</a></li> <li>Ministerio de Administración Pública (2009). Guía para el desarrollo de cartas de servicio. MAP.  <a href="http://www.aeval.es/export/sites/aeval/comun/pdf/calidad/guias/Guia_CARTAS_2009.pdf">http://www.aeval.es/export/sites/aeval/comun/pdf/calidad/guias/Guia_CARTAS_2009.pdf</a></li> <li>Enlaces web:Diseño de estrategias <a href="http://www.juntadeandalucia.es/agriculturaypesca/development/documentos/manual_61.pdf">http://www.juntadeandalucia.es/agriculturaypesca/development/documentos/manual_61.pdf</a></li> <li>Elaboración de proyectos sociales. <a href="http://nevada.ual.es/decahuma/REL_INTER/archivos/comoelaborarproyectos.pdf">http://nevada.ual.es/decahuma/REL_INTER/archivos/comoelaborarproyectos.pdf</a></li> <li>Gestión de proyectos sociales  <a href="https://www.diba.cat/c/document_library/get_file?uuid=f067d455-fe09-488b-a2a0-04656503eed0&amp;groupId=527890">https://www.diba.cat/c/document_library/get_file?uuid=f067d455-fe09-488b-a2a0-04656503eed0&amp;groupId=527890</a></li> <li>Métodos y técnicas más útiles en la gestión de proyectos  <a href="http://www.eoi.es/blogs/pedroismaelvegazo/2011/11/24/metodos/">http://www.eoi.es/blogs/pedroismaelvegazo/2011/11/24/metodos/</a></li> <li>Plataforma de ONG de acción social:  <a href="https://www.plataformaong.org/plan-estrategico-tercer-sector.php">https://www.plataformaong.org/plan-estrategico-tercer-sector.php</a></li> </ul>

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Métodos de investigación/652G03019

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

**Observacións**



Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. TAMÉN SE RECOMENDA UTILIZAR LENGUAXE INCLUSIVO

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías